

5º Educación Primaria

PROGRAMACIÓN ANUAL

CURSO 2020-2021

CEIP BARRANTES- TOMIÑO

Índice

0- ANEXO: Instrucións 30 de xullo 2020

1. Introducción e contextualización.....	08
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	12
3. Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.....	14
4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución para superar a materia.....	72
5. Actividades e Temporalización	74
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	117
7. Metodoloxía.....	118
8. Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.....	122
9. Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.....	123
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.....	125
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	126
12. Medidas de atención á diversidade.....	126
13. Actividades complementarias e extraescolares	128
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora	129
15. Plan e actividades de reforzo/ recuperación para alumnado que repite ou promociona con algunha materia pendente.....	130
16. Libre configuración: Obradoiro de expresión oral e escrita en ambas linguas.....	132
17. Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia	132
18. Profesorado que imparte docencia no grupo.....	134

0- ANEXO:

Instrucións 30 de xullo 2020

Principios xerais atendendo ás instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa .

Para a aplicación de ditas instrucións elaboro o seguinte anexo a programación anual e paso a explicar os seguintes apartados.

1º-Terase en conta o **PLAN DE ACOLLIDA** elaborado polo ED onde se informará dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Ditas actuacións levaranse da seguinte maneira

Actuacións	Temporalización	Metodoloxía
Actuacións a-b	Dende o primeiro momento e previamente coas reunións informativas ás familias.	Vivenciada, experimentada e recordada con continuidade.
Actuación C	Emprego dos cursos de formación para profesorado Preparación de Edixgal da titoría Formación aulas virtuais No momento que as aulas virtuais esten en funcionamento práctica co alumnado (1 a 4º en Ef)	Participación activa nos cursos de formación Traballo conxunto coa coordinadora Edixgal do centro.
Actuación d	Dende o principio de curso e de xeito continuado, alternado diversas momentos educativos: Hora de ler, recreo, sesións curriculares,...	Incitarase de xeito natural o debate, as reflexións, os momentos de sinceridade, a empatía, a resiliencia... Empregarase os tempos que se precisen e nos momentos onde se visualice o mellor clima de confianza

2º AVALIACIÓN INICIAL

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Atendendo a estas directrices fago referencia do seguinte xeito

Aprendizaxes imprescindibles adquiridas-AIA

MATERIA	APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES ADQUIRIDAS
MATEMÁTICAS	Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2º trimestre
CN	Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre
CS	Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre
PLÁSTICA	Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre
VALORES	Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre
LINGUA CASTELÁ	Os referidos na programación didáctica 19/20 que non figuran no seguinte apartado como “non adquiridos”.
LINGUA GALEGA	Os referidos na programación didáctica 19/20 que non figuran no seguinte apartado como “non adquiridos”.

De xeito xeneralizado o alumnado ata a data do 14 de marzo ía cumprido coa programación establecida, aplicando a cada alumno/a as súas características particulares onde se reflexaba os distintos niveis de aprendizaxe que se estaban dando dentro da aula e que quedaba reflexado nas actas de avaliación dos trimestres 1º e 2º.

Aprendizaxes imprescindibles *non adquiridas* AINA a causa dos atrasos producidos no terceiro trimestre do curso 2019/2020 e que deberán ser obxecto de tratamento no curso 2020/2021.

MATERIA	APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS
MATEMÁTICAS	<p>Estándares traballados no confinamento : Adaptación da programación B1.2.1 B2.5.2 B1.3.1 B1.3.2 B1.4.1 B1.5.1 B1.6.1.B 2.4.1 B2.1.2. B3.1.1 B3.1.2 B3.2.3 B3.4.1 B4.1.1 B4.3.1 B4.3.2 B4.3.3 B5.1.1 B5.2.1.</p> <p>Estándares da Programación 19/20- 3ºtri: * Actividades proposta relacionada cos estándares *B2.1.2 *B2.2.1 *B2.3.3 *B3.1.1 *B3.1.2 *B3.2.1 *B3.2.3 *B3.3.1 - *B4.1.1 *B4.1.2 *B4.2.1 - *B4.2.2 *B4.3.1 *B4.3.2 *B4.3.3 *B4.4.1 *B5.1.1 *B5.2.1 MTB3.2.2(Incomplexo.complexo) MTB2.4.1 Division dúas cifras</p>
CN	<p>Estándares traballados no confinamento : Adaptación da programación B1.1.1 B1.1.2 B1.1.3 B1.1.4 B1.1.5 B1.2.1 B1.2.2</p> <p>Estándares da Programación 19/20- 3ºtri: * Actividades proposta relacionada cos estándares *B3.1.1 B3.1.2 B3.1.3 - *B3.1.4 *B3.2.1 * B3.2.2 *B4.1.1 *B4.1.2 *B4.1.3 *CNB4.2.2 *B5.1.2 *B5.2.2 B5.1.2</p>
CS	<p>Estándares traballados no confinamento : Adaptación da programación B1.1.1 B1.1.2 B1.1.3 B1.3.1 B1.3.2 B1.3.3 B4.1.2 B4.2.1 B4.3.1 B4.3.2 B4.4.3 B4.5.1</p> <p>Estándares da Programación 19/20- 3ºtri: *Actividades proposta en relación aos estándares **B2.2.1 *B2.2. **B2.4.1 B2.7.1 *B2.9.1 *B2.9.1 *B3.5.1 *B3.5.2 B3.6.1 B3.6.2 *B4.1.1 *B4.1.2 *B4.2.1 *B4.3.1 *B4.3.2 *B4.4.1 *B4.4.2 *B4.4.3 *B4.4.4 * B4.5.1</p>
PLÁSTICA	

VALORES	
LINGUA GALEGA	LGB2.1.4 LGB4.1.4 LGB4.5.1 LGB4.5.2
LINGUA CASTELÁ	LCB4.1.1 LCB4.2.5

No referido cadro superior indicase os estándares traballados no confinamento e que son adaptacións da programación e se sinalan cun asteriscos * aqueles estándares novos que se introduxeron durante o confinamento para traballar de xeito competencial, portfolio, traballos de investigación e como estímulo para crear no alumnado maior motivación ante retos de materia nova onde eles eran os verdadeiros descubridores

A modo de conclusión:

O tempo de valoracións, análises, observacións... neste inicio de curso, sendo moi necesarios, estanse a realizar dun xeito un tanto apresurado pero con bastante coidado para poder sacar alomenos unhas reflexións sobre o alumnado que permita personalizar as necesidades e demandas dos mesmos.

- **ANALISE E VALORACIÓN DAS AII (aprendizaxes imprescindibles impartidas)**

As AII de xeito xeral podemos afirmar que están bastante asentadas no alumnado, tan so é preciso recordar e asoman de xeito espontáneo na maioría do alumnado.

- **ANALISE E VALORACIÓN DAS Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas AINA**

As AINA que foron traballadas de xeito competencial mediante pequenos proxectos, búsqueda de realidades do cotiá, portfolio, etc amosan un asentamento competencial para o seu desenrolo curricular pero na proposta de rúbricas determinadas apreciase un nivel medio/baixo

Salientar que esta adquisición depende da materia.

- CN/CS traballáronse de xeito moi competencial coa elaboración de proxectos, polo que na presentación dos mesmos por parte do alumnado podemos visualizar o proceso Ensino/Aprendizaxe, dun xeito competencial aceptable.
- Na área de matemáticas tamén traballouse en proxectos de investigación, de manipulación, de vivencias... pero certos contidos teóricos están pouco adquiridos polo alumnado, a s estratexias memorísticas de certos retos matemáticos non se levaron a cabo ou non amosan un asentamento forte no proceso de aprendizaxe,

Avaliación inicial :

Partindo da información anterior e recompilando os estándares imprescindibles que considere apliquei unas probas nas áreas matemáticas e CN, CS sendo os resultados acadados algo máis baixos do esperado

Os instrumentos para levar a cabo a avaliación inicial,

- *Asembleas na aula*
- *Probas estandarizadas escritas sinxelas en matemáticas*
- *Observación directa*
- *Visualización dos traballos realizados no confinamento para partir de postas en comúns dos mesmos.*

Posteriormente procedín a valorar (identificando onde estaban as dificultades no conxunto do grupo e en determinados alumnos/as) os resultados desta avaliación e como poñer en marcha o curso especialmente con aqueles nenos con n.e.a.e.

As consecuencias de todo o anterior foi comezar a facer un deseño de programación que se me axustará ao grupo e onde podemos extraer unhas pequenas conclusións que marcará o devenir do noso traballo sobre todo no momento inicial do curso.

- En xeral notase que os eslabóns da cadea de aprendizaxe atopanse algo desligados .
- O alumnado amosa dificultades nas aprendizaxes iniciadas de xeito competencial no tempo de confinamento.
- Pérdida de certos elementos curriculares que polo seu desuso precisamos de novo traballar.
- En competencia Matemática seguiremos traballando en que los alumnos/as elaboren estratexias de cálculo mental e cálculo en xeral, interpretación de datos e mensaxes de textos numéricos e na resolución de problemas.
- A capacidade de concentración vese diminuída polos condicionantes do COVID-19

Realizouse a avaliación inicial nas áreas de Lingua Galega e Castelá sen aspectos destacables nos resultados obtidos.

Plan de reforzo:

Para todo o alumnado no 1º trimestre e no restantes se fora preciso

- Afianzar pouco a pouco e de xeito complementario os estándares non traballados facendo cohesión cos estándares do curso e que son continuidade dos anteriores.Especialmente na área de matemáticas.
- Incorporación das aprendizaxes non adquiridas dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.especialmente nas áreas de Cn e CS.
- Respecto do grupo clase temos que dicir que tamén a nivel xeral precisan dalgún tipo de reforzo puntual (contidos que non están afianzados e que dificultan a adquisición dos novos) en determinados aspectos polo que de xeito temporal e en función dos contidos a reforzar si atenderá es demandas dos alumnos/las para afianzalos.
- Terase en conta os axustes curriculares que se precisen en cada momento.
- Para o alumnado de NEAE:
 - O resultado das avalicións iniciais amosan neste alumnado (2 alumnos en concreto) un certo desfase coa realidade que pensaba atopar,quizás sexa o alumnado que máis perxudicado puido estar a pesar dos esforzos realizados no confinamento.

Observo que seguen a ter moitas dificultades nas áreas instrumentais fundamentalmente(linguas,matemáticas) pero que agravan a comprensión doutros contidos noutras áreas. Dende a miña titoría establezo un plan de reforzo educativo que esperando os horario do DO aplicarase neste alumnado sendo a proposta inicial de facer un apoio por parte do DO nas áreas de CN/CS para facilitar a comprensión lectora e escrita, a oralidade...,seguir mantendo a ACS na área de

matemáticas facendo fincapé na mecánica básica do cálculo, xerarquía das operacións, medidas básicas (tempo, capacidade...) e nas áreas de Lingua Galega e Castelá.

A familia a través de titorías e sesións específicas de atención estará informada en todo momento dos reforzos que dende esta titoría vou levar a cabo.

METODOLOXÍA:

As medidas organizativas e metodolóxicas que se empregarán non plan de reforzo terán en conta as características propias do alumnado e intentando buscar o máximo rendemento do mesmo polo que :

- Traballaranse tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado,
- A aprendizaxe cooperativa,
- O uso das TIC como recurso didáctico,
- Actividades que favorezan auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo,
- A investigación mediante proxectos de traballo,

POSIBLES ESCENARIOS.

1. **Presencial:** Traballarase a programación de xeito habitual desenrolando progresivamente os contidos da aula Edixgal
2. **Semipresencial:** Empregarse os recursos tecnolóxicos que neste caso verase favorecida pola plataforma EDIXGAL
 - Libro dixital, conferencias virtuais na plataforma Falamos,
 - Clases virtuais pola plataforma Falamos, Cisco Webex
 - Titorías coas familias de xeito virtual.
 - Emprego de abalarmóbil, grupo de difusión...

<ul style="list-style-type: none"> • COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS 	Email Teléfono AbalarMóbil Páxina web do centro Videochamadas, Videoconferencias
<ul style="list-style-type: none"> • RECURSOS-MEDIOS 	<ul style="list-style-type: none"> • Material de propia creación en edixgal • Informáticos. • Audiovisuais. • Flipped Classroom para xirar a aula e achegar as explicacións ao alumnado previas ao traballo.
<ul style="list-style-type: none"> • PROCESO 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación ao grupo: Video explicativo planificación semanal • Prácticas dinámicas e participativas • Virtualización dos materias educativos • Aprendizaxe interactivo aberto • Flexibilización do proceso E-A.

1.-Introdución e contextualización.

- **Antecedentes legislativos:**

Disposicións Xerais Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-*DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Debido as necesidades do centro, a especialista de EF farase cargo da titoría de 5º, impartindo as seguintes asignaturas: CN/CS/Matemáticas/Plástica/Valores

A programación aquí presentada abarcará os aspectos salientables e necesarios para unha boa planificación das asignaturas referidas. Teremos aspectos xerais para o desenvolvemento da programación de 5º e aspectos diferenciados nas distintas materias.

As características contextuais son as seguintes:

- **Respecto do entorno**

O CEIP de Barrantes sitúase no concello de Tomiño na parroquia que leva o mesmo nome. Dista poucos quilómetros do país portugués ao seu paso por Vilanova de Cerveira. Conta cunha poboación dedicada principalmente ao sector primario (no que destacan tres eixes económicos fundamentais que son o viño, o kiwi e a planta ornamental). Nos últimos anos, no centro da vila, iniciouse un considerable desenvolvemento dos sectores urbanísticos e comercial e os servizos e recursos con que se conta na zona son moi diversos (culturais, deportivos, asociativos, ...). Dende o concello hai unha implicación notoria na proposta de actividades para todos os centros educativos da zona, na que este centro participa tamén. O concello celebra unha das festas locais nos primeiros días de escola no mes de setembro “Alivio” polo que as veces esta festividade rompe un pouco as datas de inicio de curso.

- **Respecto do centro**

O centro está situado na zona rural anteriormente descrita,. Trátase dun C.E.I.P dunha liña, polo que ten 3 unidades de educación infantil (3 titoras) e 6 de primaria. Na actualidade dado o número de alumnado en 5º e 6º non envían o mestre (FF) que correspondería, pero tamén contamos cun mestre de primaria que exerce de Director e que prórroga o seu cargo aplicando unha comisión de servizo.Tendo en conta estas variables no centro existen as seis clase de primaria, sendo na clase de 5º de primaria onde a especialista de EF e o director imparten clase do seguinte xeito:

.Mestra de EF: titora e mestra de CN/CS *Matemática/Valores/Plástica*

.Director imparte as clase das dúas linguas.

Lingüisticamente trátase dunha área na que principalmente emprégase o galego o que fai que sexa esta a lingua a vehicular da maioría das familias do alumnado, pero non así da maioría dos nenos xa que a medida que ascenden dende a etapa de infantil a primaria van abandonando o uso oral da lingua galega.

O horario dos alumnos/as é de 9:30 h ás 14:30 h.. O horario do profesorado varia en función da garda custodia. Pola tarde os martes de 16:00 a 18:30(sendo unha hora de 16:00 a 17:00 de titoría) e outra tarde de garda segundo as quendas de 16:00h a 18:00h. (suxeito a modificacións COVID-19)

O nivel socioeconómico e cultural das familias podemos aventurarnos a comentar que é medio, e estas posúen expectativas suficientes con respecto á educación dos seus fillos/as, polo que existe unha coordinación axustada co centro na tarefa da educación dos seus fillos/as, colaborando tanto na casa como no centro a nivel xeral.

Respecto ós recursos materiais,o centro consta dun despacho compartido do director, secretaría e xefatura de estudos, despacho de orientación, sala de mestres, biblioteca, aula de plástica/laboratorio . Posúe patio cuberto e ó aire libre e patio de infantil, e zonas axardinadas de uso lúdico. Reúne condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade axeitadas.

Debido ó número de unidades que posúe o centro (9) e tal como indica o Decreto 374/96 e a Orde do 22 de xullo do 97 a organización do centroé a seguinte: Órganos unipersoais (director, xefa de estudos e o secretaria) e Órganos colexiados (Claustro e Consello Escolar). Dentro do Consello Escolar ademais temos a Comisión Económica, Comisión de Convivencia e as demais comisión oportunas e correspondentes. Conta cos seguintes órganos de coordinación docente: Comisión de Coordinación pedagóxica (na que participamos todo o profesorado do centro), Equipo de ciclo de infantil e primaria, Equipo de normalización e dinamización lingüística e Equipo de Actividades complementarias e extraescolares. Tamén contamos coas comisión de Biblioteca e Tics. En canto os profesores especialistas dicir que conta con: especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe (compartida con outro centro da zona- luns e mércores no noso centro), Música, Relixión(compartido con outro centro-martes-xoves), Inglés, Educación Física. O CEIP está adscrito ao Departamento de Orientación que ten a sede noutro centro escolar da zona. A orientadora ten presenza no centro os luns e mércores e cando o requiran as CCP, e convocatoria de Departamento de Orientación.

O persoal non docente está formado por 1 coidadora, 1 cociñeira, unha axudante de cociña, o persoal de atención ao alumnado no horario de comedor e o de limpeza do centro.

Contamos cunha ANPA que colabora e participa no funcionamento do centro e prestan o seu apoio en distintas tarefas educativas.

Todos estes órganos favorecen a existencia dunha adecuada coordinación no centro así como o aproveitamento dos recursos presentes no mesmo e no entorno.

O centro conta con servizo de transporte e comedor .

De momento, os proxectos do centro están suxeitos a realidade covid-19: proxecto de innovación Xogade, Froita na escola. Contamos co PLAMBE de Bibliotecas escolares aprobado hai cinco anos, sendo este o sexto de execución e que ten como fío condutor o “Vida saudable”. Dende os centros solicítanse a participación dos programas da consellería

Continuamos como en anos anteriores, sempre que as condicións do COVID 19 o permita co proxecto de innovación educativa Xogade, e co proxecto Froita na escola. Vanse solicitar tamén dentro dos contratos programa a “Mellora das competencias clave “Mellora de convivencia nos centros” e “Mellora na calidade de xestión nos centros”. Tamén se levará a cabo, dentro dos contratos programa o Refórzate-PROA. Contamos co Plan B de Bibliotecas escolares como fío condutor as “Vida saudable”.

Este é o segundo ano de EDIXGAL no centro, que se imparte en 5º e 6º.

- **Respecto do contexto legal**

A programación supón a concreción do **D.105/14** que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, **PXA** e o **P.E** a un entorno determinado, para o curso 2019-20 e corresponde a 4º de primaria.

En relación co P.E

Na elaboración da programación tiven en conta O Proxecto Educativo, xa que este aporta datos sobre a análise do contexto, da ubicación do centro, demografía, nivel sociocultural, etc. Aporta información sobre a organización do centro, e de todo isto podo destacar o seguinte:

- .Utilizo o medio sociocultural como materia curricular, a través da que pretendo que o alumnado interiorice o seu medio e a súa realidade.
- .Refírome as intencionalidades da escola participativa, xa que valoro a colaboración dos distintos membros da comunidade escolar e tamén a importancia do coñecemento da nosa cultura e o desenvolvemento da lingua galega.
- .Está ligada co tratamento transversal da educación en valores do currículo que impregnan todas as unidades didácticas integradas (UDIs),
- .Estarán presentes os demais aspectos que recolle o P.E e a P.X.A, tales coma os referidos ós aspectos organizativos do centro, materiais curriculares, aspectos da avaliación e formas de participación e colaboración cos pais e nais na vida escolar, etc, que terei presente e que me axudarán a levar a cabo a miña programación. Terase en conta os criterios de promoción do PE

- **Características dos nenos/as de 5º de primaria**

Respectando o establecido no Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos e na Orde do 17 de marzo que o desenvolve, o grupo de 5º está formado por 11 alumnos/as. Comprenden e se expresan nas dúas linguas oficiais. As áreas de

Matemáticas e Lingua Castelá impartiranse en castelán e Ciencias sociais, Ciencias Naturais, Lingua Galega e literatura., Educación Física, Educación artística en galego.

Neste curso hai alumnado que repetiron durante a primaria, con dificultades de aprendizaxe. Reciben apoio dos mestres especialistas tanto de PT como de AL, tanto dentro da aula como fóra da mesma estando suxeito a cambios según as necesidades do alumnado .O resto do grupo presenta unas características dentro da homoxeneidade.

Asisten á Relixión 9 nenos/as e a Valores Sociais e Cívicos 2 nenos/as que son impartidos pola titora. Incorporase neste ano unha alumna procedente doutro centro escolar e que repetiu 4º e con antecedentes sociais para avaliar.

As súas características a nivel evolutivo xeral son:

- **Desenvolvemento afectivo-social**

A estas idades os compañeiros cobran un papel protagonista. A vida e o traballo en grupo aumentan, cobrando un papel fundamental as actividades cooperativas e competitivas. Os grupos tenden a ser homoxéneos, en relación a sexo ou idade. Os pais e profesores perden relativamente protagonismo. Deixan de ser as fontes de autoridade intelectual e moral.

- **Desenvolvemento moral**

Os nenos/as pasan de entender unha norma como un ben en si mesma desligada de calquera valoración persoal, a vela como resultado dunha necesidade do grupo. Tenden a aplicar a norma sen moita flexibilidade. Consideran que a norma débese empregar en igualdade de condicións para todos e non entenden a relatividade de cada situación. A estas idades, os nenos/as empezan a analizar os feitos desde un punto de vista persoal, a entender a xustiza e as normas de forma máis crítica e a gozar aceptando pequenas responsabilidades. Evolucionan gradualmente cara a posicións superiores de autonomía moral, con criterios propios para xulgar as súas actuacións persoais.

- **Desenvolvemento persoal**

A estas idades xa poden reflexionar sobre os seus propios pensamentos e sentimentos, anticipar o pensamento dos outros, e comprender que son xulgados polos demais da mesma xeito que eles xulgan. Os nenos e nenas chegan a estes niveis educativos cunha experiencia escolar e vital previa importante. O seu marco de referencia amplíase, e lentamente, vanse independizando do seu contexto.

Crean, paulatinamente, o seu autoconcepto, mediante a valoración da súa imaxe ante si mesmos e ante os demais. Para iso ten gran importancia o concepto que os adultos (o profesorado, neste caso, é decisivo) teñen deles e pónenlles de manifesto.

- **Desenvolvemento motor**

A estas idades, os nenos/as presentan unha boa coordinación xeral, tanto en repouso como en movemento. Isto permítelles un adecuado dominio do espazo que favorecerá a súa propia organización nel. A súa motricidade é máis eficaz e precisa. Permítelles maior resistencia e mellor execución.

- **Desenvolvemento da linguaxe**

A estas idades o desenvolvemento da linguaxe caracterízase por: dominio das habilidades de lectura e escritura. Ampliación do vocabulario. O progreso do pensamento concreto inflúe na formación de conceptos. Utilización correcta da concordancia de artigos e pronomes. Progresos na comprensión e utilización da linguaxe matemática. A linguaxe corporal utilízase de forma máis precisa.

Dominan perfectamente a linguaxe verbal, o que lles permite, á súa vez, organizar adecuadamente o pensamento mediante as súas funcións de comunicación, representación e regulación de condutas.

- **Desenvolvemento cognitivo**

O desenvolvemento cognitivo ás idades de 8-10 anos caracterízase por: Subperíodo de organización das operacións lóxico-concretas. Reversibilidade operatoria máis ampla. Aumenta a plasticidade do pensamento. Capacidade de análise e síntese. Aumento da curiosidade e do interese por coñecer detalles e clasificar. Aumenta a capacidade memorística. Capacidade de comprender ou integrar accións realizadas. Capacidade de dar sentido á experiencia.

Manexan conceptos medibles de espazo e tempo.

Son capaces de reflexionar sobre a súa propia actividade en todas as ordes e tamén nos novos contidos que van adquirindo. Así, poden profundar en coñecementos teóricos (sobre lingua, matemáticas, ciencias, etc.) antes inalcanzables.

2.-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, hai que xerar tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos nosos alumnos e nas alumnas a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Para describir o grado de competencia dos nosos alumnos/as empregarei os descritores que «describen» o alumnado competente neste ámbito. En cada unidade didáctica pertencente ás áreas ou proxectos levados a cabo concretarei o descritor. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que se

pretende adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivo e indicanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto, aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballarase desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento de valores, presentes tamén en todas as áreas, axudará a que os nosos alumnos e as nosas alumnas aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe distintos levaranos a traballar desde as diferentes potencialidades con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder darlles resposta ás súas necesidades.

A Lei 8/2013 do 9 de decembro da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), e o Decreto 105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, na que está baseada esta programación, establece as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.-Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.

Obxectivos

O artigo 3 do D.105/14 recolle que a etapa da educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as distintas capacidades que lles permitan alcanzar os seguintes obxectivos ao longo de toda a Educación Primaria:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1 - INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
b e h i	B1.1. Iniciación á actividade científica. B1.2. Emprego de diferentes fontes de información. B1.3. Lectura de textos propios da área. B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados. B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). B1.6. Xestión de ficheiros.	B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.	CCL CSIEE CAA CD CMCCT
			CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	CCL CMCCT
			CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).	CCL CSIEE CMCCT CD
			CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	CMCCT CAA CCL
			CNB1.1.5. Efectúa buscas guiadas de información na rede.	CAA CMCCT CD
			CNB1.1.6. Coñece e aplica	CAA

Programación anual 2020-2021

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA	CURSO	QUINTO	
Objectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			estratexias de acceso e traballo na rede.	CMCCT CD
a b c d e h i	<p>B1.7. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.</p> <p>B1.8. Traballo individual e cooperativo.</p> <p>B1.9. A igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>B1.10. A conduta responsable.</p> <p>B1.11. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos.</p> <p>B2.12. Toma de decisións: criterios e consecuencias.</p> <p>B1.13. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.</p> <p>B1.14. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.</p> <p>B1.15. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.</p> <p>B1.16. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.</p> <p>B1.17. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e do seu poder de adición.</p>	B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CSIEE CAA CMCCT
		B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA CSC CMCCT CSIEE
			CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	CMCCT CSC CD
			CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.	CD CAA CMCCT
a b c e g h i	<p>B1.18. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.</p>	<p>B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.</p>	CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	CMCCT CCL CAA CSIEE
			CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando	CMCCT CCL CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	CD CAA CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
e h	B2.1. As funcións vitais no ser humano: recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos. B2.2. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorios, dixestivo, circulatorio e excretor). B2.3. Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e as diferenzas entre sexos. Funcionamento do sistema reprodutor. B2.4. Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia en relación co medio e co resto dos seres humanos. B2.5. O aparello locomotor.	B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.	CMCCT
			CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT
a b c d h k m	B2.6. Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano. B2.7. Hábitos saudables para prevenir enfermidades. B2.8. Trastornos alimenticios. B2.9. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. B2.10. Tipos de dietas. Elaboración de menús saudables. Clasificación de alimentos. Análise de etiquetas de produtos.	B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.	CMCCT CSC
			CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.	CMCCT CCL CSC
			CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	CMCCT CSC
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
e h	B3.1. Seres vivos e seres inertes. Diferenciación. B3.2. Organización	B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células,	CMCCT CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA	CURSO	QUINTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	interna dos seres vivos e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.	sistemas. Identificar as principais características e funcións.	tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	
e h l	B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. B3.5. As plantas: a estrutura e fisioloxía. A fotosíntese.	B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.	CMCT
			CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.	CMCCT
a e h i l o	B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. B3.7. Características e compoñentes dun ecosistema. B3.8. Observación e estudo dun ecosistema próximo, recoller datos, facer hipóteses e recollendo os resultados en diferentes soportes. B3.9. Actuacións humanas que modifican o medio natural. Extinción de especies. B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos. B3.11. Emprego de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.	B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.	CMCCT CCL
			CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.	CMCCT CCL
			CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.	CMCCT CSC
			CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.	CMCCT
			CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.	CMCCT CCL CD
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
e h	B4.1. Comparación e clasificación dos materiais segundo propiedades físicas	B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza,	CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade,	CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.	solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.	estado de agregación e condutividade térmica).	
e g h	B4.2. Diferentes procedementos para a medida da masa e do volume dun corpo. B4.3 Explicación de fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade. A flotación nun medio líquido.	B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos.	CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.	CMCCT
			CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume.	CMCCT CCL
			CNB4.2.3. Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.	CMCCT CCL
a e h	B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables. B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.	B4.3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible.	CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.	CMCCT CCL CSC
b c e g h i	B4.6. Realización de experiencias sinxelas sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá e doméstica: a combustión, a oxidación e a fermentación. B4.7. Identificación de produtos químicos habituais no fogar e dos posibles riscos para o organismo. B4.8. Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns.	B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB4.4.1. Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CMCCT CAA CSIEE CCL CD
			CNB4.4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.	CMCCT
			CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.	CMCCT
			CNB4.4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na	CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			aula e no centro.	
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
c e h j	B5.1. Uso das máquinas eléctricas na vida cotiá e doméstica. Normas de seguridade. B5.2. As máquinas eléctricas. B5.3. A transmisión da electricidade. B5.4. Elementos dos circuítos eléctricos. B5.5. Efectos da electricidade. B5.6. Condutores e illantes.	B5.1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuito eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade.	CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun circuito eléctrico e constrúe un.	CMCCT CSIEE
			CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá.	CMCCT CCL
			CNB5.1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.	CMCCT CCL
a e h i	B5.7. A ciencia: presente e futuro da sociedade. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos. Importantes descubrimentos e inventos.	B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade.	CMCCT CCL CSC
			CNB5.2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.	CMCCT CCL CSC
			CNB5.2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	CMCCT CCL CSC CCEC

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				
a b d e h i	B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxerencia e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta	B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA CD CMCCT CCL

Programación anual 2020-2021

	<p>participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <p>B1.2.Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.</p> <p>B1.3.Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.</p>	resultados.	<p>CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	CSIEE CAA
			<p>CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.</p>	CAA CCL
a b c d	<p>B1.4.Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.</p> <p>B1.5.Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia.</p> <p>B1.6.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</p>	B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	<p>CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</p>	CSC CAA
			<p>CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.</p>	CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	X	X	
	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 		X	X
	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérboles e xogos de palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CAA 			X

LINGUA GALEGA E LITERATURA					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competen cias clave			
	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.4. Identifica os temas recorrentes na literatura. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 		X	X
<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC 		X	X
<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 			X
<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> B5.7. Aposar interese, respecto e tolerancia ante las diferenzas persoais, sociais e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC 			X
	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.7.2. Amos curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC 			X

Actividades.

As actividades están consideradas reflexionando sobre as capacidades que queremos desenvolver e en función dos obxectivos propostos e relacionados directamente coas competencias clave; asemade, o xeito de organizar as mesmas responden ós principios metodolóxicos marcados na programación. Consideraremos tódolos **ámbitos de experiencia, intereses e necesidades** dos nenos/as, para decidir nun principio cales son as máis axeitadas para desenvolver os obxectivos e os contidos. En canto aos criterios a ter en conta no seu deseño, han de ser **significativas**, que teñen interese para o alumno/a, que participen e lles motiven, que supoñan un reto para a súa competencia persoal. Por outra banda que **potencie as relacións entre iguais**, nun clima acolledor e cálido, establecendo actividades de G. Grupo, P. Grupo, Individuais empregando dinámicas baseadas na aprendizaxe cooperativa. Procurar no seu desenvolvemento a **participación de distintos membros da comunidade educativa** (familias, mestres,

ANPA, organismos, recursos públicos...) Temos en conta tamén os **espazos, os materiais e recursos** que se van a empregar.

As actividades que se realizarán ao longo do curso estarán pensadas para o máximo cumprimento dos distintos obxectivos marcados para as áreas.

As actividades discurrirán tendo en conta os distintos escenariossegún o COVID-19

- Presenciais
- Semi presenciais/No presenciais: Onde basándonos nos principios básicos (letra negra) empregaremos as aulas EDIXGAL con todos os seus recursos:Contidos dixitais,interacción dos exercicios,video conferencias para explicacións...

6.-Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación está recollida no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ena Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación na educación.

Nas asignaturas de CN-CS-Matemáticas e nas Linguas quedan indicados no apartado anterior, que empregaremos como un referente guía xa que na mesma debe existir a posibilidade de modificación en atención ao alumnado e a situación COVID19 que vivamos.

Salientar os principios básicos que regulan este apartado:

Avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado.

A avaliación concíbese da seguinte maneira:

Continua e global tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo.

Contémplanse tres modalidades:

- **Avaliación inicial.** Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno que permiten unha atención es diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

Pártese da información da familia, do informe do centro do curso anterior, dunha observación directa do neno nos primeiros días de clase, o iniciar calquera unidade didáctica, proxecto e dunha exploración de coñecementos previos.

- **Avaliación formativa e continua.** Concédelle importancia á evolución do alumnado conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada un/ unha.

Pártese da observación directa e sistemática sobre:

- Grao de participación e interese nas tarefas colectivas.

- Progresos e dificultades dos novos contidos.

- Revisión diaria das actividades individuais.

- Corrección das actividades na clase en gran grupo e individual.

- **Avaliación sumativa.** Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

-Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.

-**Integradora**, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

-Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

-Orientadora, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Observación sistemática	Análise da produción dos alumnos/as.	Intercambios orais co alumnado (exposición, entrevistas, diálogo, debate, probas orais)	Probas específicas
<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Diario de clase. - Lista de cotexo. - Oralidade na asemblea. 	<ul style="list-style-type: none"> - Lista de cotexo. - Monografías. - Resumos. - Traballos de aplicación e síntese. - Caderno de clase - Textos escritos - Gravacións orais - O portfolio - Mapas mentais. - Control de tempo para as lecturas en silencio con preguntas curtas da lectura lida. 	<ul style="list-style-type: none"> - Lista de cotexo. - Fichas de observación. - Guías de diálogo. - Posta en común. 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas de resposta aberta: <ul style="list-style-type: none"> - De composición - De solución de problemas. - De resposta curta. - Probas de resposta pechada, obxectivas ou de selección: <ul style="list-style-type: none"> - Verdadeiro-falso. - Multiítem. - Con base de texto. - Con base gráfica.

7.-Metodoloxía.

Tendo en conta que a educación inicial é cada vez máis determinante, é necesario establecer as condicións que permitan cambios metodolóxicos que fagan posible acadar os obxectivos propostos. En consecuencia, o establecemento de medidas para actuar sobre o currículo son imprescindibles para a mellora. A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo está integrado polos obxectivos da etapa educativa; as competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas

docentes coma a organización do traballo do persoal docente; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábelas, e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

A finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

Na actualidade e a efectos da nova Lei enténdese **METODOLOXÍA DIDÁCTICA**:

O conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Sen prexuízo do seu tratamento específico das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na metodoloxía empregada nos diversos bloques de contidos referirase e relacionarase os seguintes aspectos a ter en conta: a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

1-1-Principios metodolóxicos

- .A metodoloxía didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

.A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

.A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Todos os aspectos da área de Ciencias da natureza e Ciencias sociais son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.

O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.

Buscar propostas e estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el é o responsable das súas aprendizaxes.

Por último, teremos en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Os contidos da área de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.
- Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.
- As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

*O deseño e desenvolvemento de propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, planificadas

con rigor, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias ao longo de toda a etapa. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes. O traballo por proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, as experiencias de aprendizaxe por servizo, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo e as experiencias en comunidades de aprendizaxe serían propostas que responderían a ese perfil.

▪ É fundamental o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos..

* A posta en práctica das realidades conceptuais non entorno máis próximo permitirán vivenciar os contidos moito permitindo a formación como personas, por elo faremos fincapé nos proxectos de centro como Turonia ,Biblioteca “Vida saudable” para fomentar unha metodoloxía ACTIVA e VIVENCIADA

Para avanzar na mellora dos resultados empregaremos, entre outras, metodoloxías innovadoras como:

.**STEAM**, integrando Ciencias, Tecnoloxía, Matemáticas e Artes a través de robótica ou actividades como a lectura de datos grazas a una estación meteorolóxica, proceso garante a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes.

A metodoloxía empregada ven condicionada polo feito do emprego dos libros dixitais de edixgal u non , o que condicionará os tempos, os espazos, a avaliación tanto do alumnado como do profesorado. Sendo necesario unha elaboración máis laboriosa do material didáctico empregado.

En todas as materias levaranse a cabo as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa.
- Crear un clima de seguridade e confianza.
- Aprendizaxe baseado en proxectos, problemas, investigación...
- Utilizar unha linguaxe clara, sinxela na presentación de novos contidos.
- Gradación das actividades.
- Utilizar a cooperación e axuda entre iguais.
- Integración efectiva das TIC na aula.
- Uso do erro como mecanismo de mellora.
- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.
- Potenciar a resolución pacífica de conflitos e a necesidade de acordos e consensos.
- Favorecer a aprendizaxe activa integrando ao alumnado na dinámica xeral, fomentando a participación.
- Favorecer a creatividade e capacidade de expresión o interese e a individualización e socialización.

- Atención á diversidade do alumnado.
- Coordinación entre todos os profesionais que interveñen.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias.

8.-Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.

Os recursos materiais caracterízanse pola súa variedade e polo amplo abano de posibilidades de utilización. Nesta liña, priorizo que o alumnado utilice recursos da vida cotiá, das tecnoloxías, da creación e, moi especialmente, empregue recursos que posibiliten a atención á diversidade dos alumnos/as.

Entendemos por recurso todo aquilo que utilizamos coa intención de favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe. Teñen diferentes funcións dependendo da utilización que se faga deles.

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- O libro do alumnado para as distintas áreas de diferentes editoriais e como facilitador de información.
- A proposta didáctica de outros libros de texto e de información (dicionarios, prensa, revistas, ensaios, vídeos...)
- Os recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo e ampliación.
 - Recursos elaborados pola mestra (mínimos, ampliación e reforzo)
- O caderno de traballo
- Os materiais dixitais
 - Información acadada noutro tipo de soporte: Blogs, espazo Abalar
 - Aplicacións educativas.
 - A biblioteca como recurso vivo e continuo.
 - Tics

Proporcionar información a través de libros, vídeos, recursos informáticos, recursos naturais, EDIXGAL, etc. Este ano os recursos de Edixgal (Netex, Aula Planeta e Edebé) e fichas, mapas mentais,...), taboleiros didácticos, materiais manipulativos, materiais audiovisuais (imaxes, material sonoro, etc.), material informático e audiovisual (actividades temáticas, presentacións multimedia, enciclopedias, etc.), servizos telemáticos (páxinas web, blog, enciclopedias, etc.), vídeos interactivos, materiais de expresión artística etc

- Outros: Recursos humanos, recursos da contorna, a experiencia vivenciada do coidado do medio ambiente (reciclaxe, invernadoiro...)
- Servir de orientación ao alumnado axudándolles a organizar a información, a relacionar conceptos, a aplicalos, a crear outros novos, etc.
- Motivar, espertar e manter o interese. Un bo material didáctico sempre debe resultar motivador para o alumnado.

Traballamos polo tanto aproveitando todos os recursos que o Entorno, as familias, as vivencias as inxerencias poidan aportar en beneficio do proceso E/A

9.-Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.

ORDEN do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción de alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ó longo do curso avaliarei tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a miña propia práctica docente, para o que estableceréi indicadores de logro nas programacións.

Manterei os requisitos aprobados no PE do centro e terei en conta os criterios de avaliación e promoción establecidos no PE con pequenas matizacións, sabendo de antemán que estes os podería modificar según o preguntado ao director do centro.

ELEMENTOS AVALIABLES	PUNTUACIÓN MÁXIMA	Observacións
Probas de avaliación escritas ou orais. (tendo en conta nivel de escritura e expresión oral-escrita) Atención, interés e aplicación do aprendido. Preguntas e respostas na clase. Tarefas feitas na pizarra –na clase Traballo individual e traballo en grupo. Intervencións positivas na clase. Tarefas edixgal	50%	Daremos peso dentro da calificación global de cada asignatura ó rendemento específico demostrado polo alumnado e evidenciado a través de diferentes probas de rendemento (tanto escritas como orais) realizadas para comprobar tanto o nivel de coñecementos adquiridos como a capacidade de xeneralización de ditos aprendizaxes..Preguntas directas sobre o que se está traballando.
Fichas , desenvolvemento de traballos, cadernos de traballo diario de clase e de casa. Coidado do material.	35%	Observación de traballos nos cadernos, libros dixitais e forma de traballar. -Realización correcta dos traballos. -Organización e boa presentación das tarefas. -Estudio diario e realización diaria das actividades individuais das asignaturas tanto na aula como nas casas. -Regularidade e constancia no traballo diario
Cumprimento das normas.	10%	Non podemos olvidar que a actitude positiva cara a aprendizaxe favorece a adquisición de coñecementos.É por isto polo que ao alumnado teráselle en conta o interese mostrado en cada materia, a atención, a escoita activa e o respecto mostrado hacia os diferentes elementos (persoais e materiais) que constitúen o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
Adaptación ao grupo (colaboración, tolerancia, adaptación). Corrección no trato (profesorado, persoal non docente, compañeiros).	5%	

Nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá

Non debemos perder en conta que, como xa expuxemos antes, a avaliación é o resultado de pór en valor todo o traballo desenvolvido, non só o recollido en probas puntuais. Os criterios de avaliación e cualificación nas áreas de Lingua Galega e Castelá son as seguintes:

20%: probas orais, preguntas e respostas na clase, intervencións positivas na aula.

30%: probas escritas.

30%: traballo diario de clase e de casa (incluída a presentación) e coidado do material.

20%: Cumprimento das normas establecidas, adaptación ao grupo (colaboración, tolerancia), corrección no trato (profesorado, compañeiros, persoal non docente).

En canto aos criterios de promoción serán os seguintes (aprobados no centro):

- Unha materia suspensa, promociona.
- Dúas materias suspensas, promociona, agás que esas materias sexan instrumentais, entón non promocionaría.
- Tres ou máis materias suspensas, non promociona.
- Promocionará por Imperativo Legal o alumnado que xa teña permanecido un ano máis nalgún curso da Educación Primaria, tal e como regula a normativa vixente.

Criterios de promoción: referidos a o PE

- CRITERIO DE MADUREZ

O alumnado promocionará ao ciclo seguinte ou a etapa de educación secundaria obrigatoria, se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos de ciclo ou etapa e un adecuado grao de madurez persoal (autonomía e responsabilidade), académica (motivación e interese pola aprendizaxe) e social(integración no grupo e a competencia social). Accederase igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o seguinte ciclo ou a nova etapa, aínda no caso de que haxa materias avaliadas negativamente.

- CRITERIO DE IMPERATIVO LEGAL

Como a decisión de que o alumnado permaneza un ano máis no mesmo ciclo so se pode adoptar una vez ao longo da E.Primaria, os/as alumnos /as que xa permanecerán un ano máis nun ciclo, promocionarán ao ciclo ou etapa seguinte, aínda cando non teñan acadados os obxectivos do mesmo.

- CRITERIO NUMÉRICO

Con carácter orientativo, os alumnos e alumnas de educación primaria promocionan ao ciclo ou etapa

seguinte cando se cumplan as seguintes condición

Nº	ÁREAS	DECISIÓN
1	Calquera	Promociona con recomendación de traballar nesta área
2	LCastelá, LGalega, Matemáticas	Nonpromociona
3	Unhadestasáreas con E.F e E.A: .LCasteláou LGalega ou MatemáticasouCoñecementodoMedioouInglés e EducaciónFísicaeEducaciónArtística. .CoñecementodoMedioeInglés e EducaciónFísicauEducaciónArtística	Promociona
4 ou máis		Non promociona

10.-Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica(tema-proxecto...) proponho unha secuencia de preguntas que me permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo proponho unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódo realizala ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			

Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

11.-Diseño da avaliación inicial e consecuencias do resultado.

Remito o aportado no ANEXO 0 do inicio desta programación

Situación variada polo Covid 19

“A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no punto 4.3 que:

“Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. “

Os instrumentos para levar a cabo a avaliación inicial, e seguindo estas directrices, son:

- *Asembleas na aula*
- *Probas estandarizadas escritas*
- *Entrevistas coas familias*
- *Observación directa*
- *Intercambio de información co resto do profesorado que incida na aula.*

12.-Medidas de atención á diversidade.

Referencias normativas e conceptualización.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, expón a esixencia de proporcionar unha educación

de calidade a todo o alumnado, tendo ao mesmo tempo en conta a diversidade dos seus intereses, características e situacións persoais e establece a atención á diversidade como principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada es súas características e necesidades.

No seu preámbulo establece o seguinte:

Na etapa primaria ponse a énfase na atención á diversidade do alumnado e na prevención das dificultades de aprendizaxe, actuando tan pronto como estas si detecten. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos/as.

E no articulado:

Artigo 1. Principios.

O sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Artigo 4.3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico garántase unha educación común para os alumnos, adoptárase a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei.

O Decreto 105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia establece no artigo 15. 1. que nesta etapa poñerá especial énfase na atención á diversidade do alumnado na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Tendo en conta o anterior:

Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos de 5º de primaria.

a) Alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, ou no seu caso, necesidades educativas especiais, sinalando as conclusións máis significativas que se derivan dos informes individualizados:

Dous alumnos

Incorporación dunha alumna nova que amosa no expediente repetición en 41 de primarai

b) Ademais recibe pola mestra titora

Apoio ordinario que se detallará no plan de reforzo tutorialbasandose na ACS elaboradas

c) Aspectos metodolóxicos que se contemplan:

· Dentro das medidas xerais, aplicables a todos os alumnos contéplanse:

- A elección dunha metodoloxía que responda a todos os alumnos/as así como o emprego dos recursos necesarios.
- Selección e utilización de materiais curriculares iguais que os que se traballan co grupo-clase.
- Organización do tempo e o espazo (estructurar as actividades, apoios visuais,...)

- Diversificación de procedementos de avaliación (probos escritas, probos orais, situacións de exposición oral en gran grupo, actividades que impliquen a posta en práctica de competencias,...
- Realización de apoios ordinarios que se contemplan semanalmente nas distintas áreas especialmente matemáticas.

Relación de plans de apoio que se realizarán

- Plan de reforzo tutorial que se elaborará en continuo vendo a progresión do alumnado,

13.-Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias e extraescolares, están deseñadas para cumprir os obxectivos que se mencionan a continuación:

- Desenvolver aspectos non contemplados nos currículos e que propician o desenvolvemento integral dos alumnos.
- Contribuír ao afianzamento de valores relacionados coa socialización, o respecto aos demais, a solidariedade e a conservación do medio ambiente.
- Afianzar o rexeitamento ao consumo de sustancias nocivas e propiciar hábitos de alimentación e conduta que desenvolvan unha vida chea de saúde.
- Servir de nexo de unión entre o centro e o mundo exterior, achegando ao alumno á súa contorna e estimulando o seu interese polo coñecemento e a cultura.

O obxectivo fundamental da nosa tarefa é conseguir o pleno desenvolvemento da personalidade formada no respecto aos principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais. Para conseguir este fin, as actividades lectivas deben completarse con outras que desenvolvan aspectos non incluídos nos currículos. Convencidos da importancia destas actividades, xa que contribúen a mellorar a calidade educativa e o desenvolvemento dos valores propios dunha sociedade democrática e participativa.

Diferenciamos entre celebracións escolares e saídas que se desenvolven fóra do centro.

Tamén nas actividades propostas a partires dos proxectos de centro: Biblioteca e Normalización que este ano teñen como fio condutor “Vida saudable”.

As saídas escolares veñen xestionadas polo aproveitamento didáctico das mesmas e a concordancia co currículo escolar. Nembargantes condicionaremos ditas saídas a outros factores como son:

- aas posibilidades excepcionais polo covid-19
- Rentabilizar economicamente as saídas, aproveitando ó máximo as prazas do autobús.

As saídas e actividades complementarias previstas para este ano baseamolas no guión doutros anos escolares pero que van a depender da realidade COVID 19, que probablemente non permita moitas destas actividades que nos ceñirems o PROTOCOLOS covid 19. Pero poderanse reinventar doutro xeito nas titorías

TRIMESTRE	MES	CELEBRACIÓN/ SAÍDA
1º T	Outubro:	Samaín. 21/10- Día das Bibliotecas escolares.
	Novembro:	Magosto 20N- Día da Infancia

		25N- Día Internacional contra a violencia de xénero.
	Decembro:	Do 2 ao 9 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. – 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade. – 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. -Festival de Nadal
2º T	Xaneiro:	Día da paz. (30/1)
	Febreiro:	Entroido
	Marzo:	Día da muller traballadora. (8/3) Semana da Prensa (entre 6 e o 10) Día Mundial dos Dereitos do Consumidor(15 /3)
3º T	Abril:	Día Mundial da Saúde (7 /4) Día do Libro (entre 17- 21/4)
	Maio:	Semana das Letras Galegas Día de Europa (9/5) Excursión 5º e 6º Fin de curso.
	Xuño:	Día Mundial do Medio Ambiente (5 /6) Festival de fin de curso Turonia???

14.-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na CC.AA de Galicia no seu artigo 2.3 sinala “Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.”

Tendo en conta o anterior na miña programación ten que constar :

- .O instrumento de avaliación e os indicadores de logro, que debería conter o Proxecto Curricular da Etapa (que no centro non se contempla).
- .A autoavaliación da propia programación didáctica, o seu proceso de aplicación e os resultados obtidos.

.Tralo proceso de autoavaliación, deberei definir un plan de mellora vinculado aos indicadores que obtiveran puntuacións máis baixas no instrumento de avaliación, co que se persiga mellorar os resultados académicos do alumnado.

Unha posible tabla de reflexión como proceso de mellora	0	1	2	3	4
Organizáronse e secuenciado os estándares de aprendizaxe					
Definíronse os indicadores de logro					
Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles.					
Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e indicadores de logro.					
Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos seus resultados.					
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Tivéronse en conta co grupo específico de alumnos medidas xerais de intervención educativa.					
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe.					
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación propostos ao alumnado.					
Consideración de medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.					
Vinculación das unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado.					
Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe.					
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados.					
Os estándares imprescindibles están identificados en diferentes unidades de programación e instrumentos de avaliación diversos.					
Información ás familias e ao alumnado dos CE-estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e estándares imprescindibles.					
Realizouse unha análise dos recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado.					
Coordinación entre o equipo didáctico.					
Tratamento preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación.					
Actividades extraescolares e complementarias.					

15.-Plan e actividades de reforzo/ recuperación para alumnado que repite ou promociona con algunha materia pendente.

No curso actual, como resultado da avaliación inicial, e do coñecemento do curso pasado observamos unha estruturaheteroxénea existente no grupo, destacando alumnado con diversidade e de

características distintas. Polo tanto concluímos coa necesidade de facer un seguimento continuo e en estreita colaboración co DO e co profesorado que interven dentro do grupo.

Na aula atopamos a necesidade de elaborar un **plan de reforzo na área de CN a un alumno(X)** que non o superou en xuño.

- Obxecto do plan de reforzo- observo que segue a ter moitas dificultades nas áreas instrumentais fundamentalmente pero que agravan a comprensión doutros contidos noutras áreas como en CN e CS.
- Así pois dende a miña titoría establezo un plan de reforzo educativo como medida ordinaria, que non require de informe específico, para “reforzar” contidos de aprendizaxe do curso de 5º centrándome en contidos do mesmo nivel no que está o resto do grupo clase. En principio trátase dunha medida temporal ata que se adquiran as aprendizaxes que se van reforzar e vai ser avaliada nos mesmos contidos do grupo clase e polo tanto o referente da súa avaliación van ser os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe do seu curso.

Terase en conta ademais.

- Un plan de reforzo onde se teña en conta as ACS variando polo tanto o currículo, metodoloxías, temporalización...
- Reforzar a autoestima e valorar o esforzo como medida de superación antes as dificultades curriculares.

Áreas de Lingua Galega e Castelá:

Ao longo dos diferentes marcos legais que foron redactados sobre educación, o concepto de atención á diversidade foi cambiando. No marco no que nos atopamos na actualidade, a atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada. Tendo en conta este marco, moitos alumnos poder ser susceptibles de necesitar actividades de reforzo (ou ampliación), recuperación ou, chegado o caso, dunha adaptación curricular. Por todo isto os docentes debemos ser capaces de:

- 1.º Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Os recursos para desenvolver actividades de reforzo e recuperación estarán encamiñados a que o alumno que os necesite sexa capaz de acadar os obxectivos plantexados en cada unidade, ou os mínimos do ciclo. Ditas actividades serán desenvoltas nos seguintes ámbitos:

- Asistencia a sesións coa especialista de Pedagogía Terapéutica
- Actividades de reforzo dos contidos máis importantes de cada unidade.
- Actividades de repaso
- Obradoiros de linguas.
- Xogos de mesa, de equipo, informáticos...
- Eventualmente, se as circunstancias o permiten, fichas de ampliación de cada unidade.

Queremos destacar que non só se deben facer actividades para reforzar aspectos meramente académicos. As actitudes cara ao ensino, cara aos iguais, cara ao lecer...tamén son importantes e nun momento dado poderase incidir para reforzar estes aspectos no alumnado.

Buscarase por parte do mestre contacto permanente co resto de mestres que inciden habitualmente no grupo, para buscar unha maior coherencia e cohesión no reforzo que o alumnado poida precisar. Neste tipo de contextos, é tamén fundamental que as titorías coa familia sexan levadas a cabo de xeito frecuente para que esta sexa coñecedora e estea tamén implicada nos proceso de reforzo que están a levarse a cabo co seu fillo/a.

Segundo a *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* sinala no seu artigo 6 relativo á promoción de curso e de etapa

“ 3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.”

No caso concreto das áreas de Lingua Castelá e Galega hai un alumno que promocionou con ambas áreas suspensas. O Plan de reforzo e recuperación basease nos aspectos que acabo de citar ademais de reforzar os mínimos esixibles reflectidos na programación de 4º do curso 19-20 e todos aqueles aspectos que non foron superados ou non traballados. Para un detalle máis pormenorizado remito ao propio Plan de Reforzo deseñado para o alumno.

É preciso destacar tamén aquí que contamos con dous alumnos que contarán cunha Adaptación curricular nas áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega

16.-Libre configuración: Obradoiro de expresión oral e escrita en ambas linguas.

En 5º de E.P non se imparte esta materia

17.-Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia.

Na LOMCE no seu artigo 11 xa fai referencia nos elementos transversais que debemos acadar na etapa de primaria e que deberá empapar a nosa Programación, ao mesmo tempo que determinados bloques de contidos (bloque 1) desenvolve máis polo miúdo o labor a realizar.

Tendo en conta todo esto temos que relacionalo co PE:

.Terase en conta o Plan lector do centro, o Plan Tics e o Plan de convivencia a probado no PE

TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC.

Nas sesións plantéxanse algunhas actividades que esixen do alumnado a búsqueda de información sobre temas concretos ou de actualidade para o que deberán investigar, ben en enciclopedias, xornais, internet.. para acadar a resposta.

Estas actividades plantéxanse nas sesións pero deberán buscar as respostas fóra delas, na biblioteca, na aula, na casa.. Empregaremos os ordenadores da aula edixgal

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos son espazos onde se comparten vivencias xuntos, iso é a convivencia. Todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todaslas persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

O obxectivo final é a mellora da convivencia no Centro como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o Centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

Para o desenvolvemento do mesmo tivemos en conta a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, a normativa do centro e tódalas aportacións que se van facendo tanto do Departamento de orientación, equipo directivo e aportacións de profesorado, familia e alumnado,

Baseándose no devandito documento, e na "cultura" propia do Centro, entorno á Educación para a Paz e á aplicación dos principios de coeducación e interculturalidade elaborase este plan de convivencia.

Tamén cabe mencionar o vínculo estreito que o plan de convivencia do Centro ten co Regulamento de Réximen Interno do Centro, polo que imos deixar a modo de recordo os Principios xerais que rixen dito documento:

Toda actividade do noso Centro irá encamiñada á consecución dos seguintes fins:

- .O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.
- .A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- .A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, histórico-etnográficos, e estéticos.
 - A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, rexeitando todo tipo de discriminación.
 - A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural .O RRI establece o compromiso dos órganos de goberno do Centro na normalización e normativización da lingua galega, en consonancia coa lexislación vixente.
 - A preparación para participar activamente na vida social e cultural.

PROXECTO Lector:

- Observaremos as liñas prioritarias de actuación de cara o curso 2019/20 e relacionaremos as dinámicas da asignatura ao seu bo funcionamento, Participaremos activamente da biblioteca como un recurso de práctica continua no saber do alumnado.
- Buscaremos lecturas de textos empregando os xornais ofertados pola Voz de Galicia.
- Buscaremos textos en internet e os baixaremos as tablets para avituarnos a ler como se foran Ebooks.
- Coordinaremonos nas actividades ofertadas pola biblioteca e polo equipo de normalización.
- Buscaremos lecturas na hora de ler fomentando a lectura colectiva(club de lectura) e individual.
 - Tamén farase referencia ao novo **Plan de Igualdade** que dende a Consellería se quere resaltar, potenciando a muller non ámbito da sociedade,e teremos en conta de xeito intrínseco nas materias dos denominados **Temas Traversais**.

18.-Profesorado que imparte docencia no grupo

- **TITORA: Begoña Martínez López**
(*Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, E.Artística-Plástica,EF, Valores*)
- **E. ARTÍSTICA- MÚSICA: Iván Suárez Prada**
- **L.GALEGA e LINGUA CASTELÁ: Iván Núñez Sanjurjo**

- **L. INGLESA: Tamara Fernández Aмосa**
- **RELIXIÓN: M^a Luz Álvarez Álvarez**
- **AUDICIÓN E LINGUAXE: María Isabel Lorenzo Fernández**
- **PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: Cristina AbaldeMartínez**